

Á CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALIZA

D./Dña , con DI , e
enderezo a efectos de notificacións en
..... ,
comparece e, como mellor proceda en Dereito,

DI

-Que me foi notificada Resolución do Director Territorial da Consellería de Economía Industria pola que se me denega o recoñecemento da condición de persoa interesada no procedemento relativo ao Proxecto Cobre San Rafael, situado nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra), promovido pola sociedade Cobre San Rafael, SL, declarado proxecto industrial estratéxico (PIE) polo Acordo do 24.06.2024 do Consello da Xunta de Galicia,

-Que, en tempo e forma, e por medio do presente escrito interpoño fronte á antedita denegación **RECURSO DE ALZADA**, que se sustenta nos seguintes,

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

ÚNICO. O artigo 4.1.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), dispón que se consideran persoas interesadas nun procedemento administrativo "*aquelas cuxos intereses lexítimos, individuais ou colectivos, poidan resultar afectados pola resolución e comparezan no procedemento en tanto non recaese resolución definitiva*".

O Tribunal Constitucional ten concretado en diversas ocasións que a expresión "intereses lexítimos" resulta identificable con calquera vantaxe ou utilidade xurídica derivada do procedemento que se instrúe, e que, en todo caso, dita titularidade do interese lexítimo debe darse ao tempo da iniciación do proceso contencioso-administrativo. Xa que logo, a condición de interesada require que o acto administrativo que poida recaer no procedemento poida incidir na esfera persoal de quen pretenda ostentar dita condición, é dicir, que da resolución do procedemento poida derivarse unha vantaxe ou desvantaxe.

Resulta evidente que o interese de quen suscribe no presente caso dista da mera defensa da legalidade, toda vez que (*marca cun 'X' o que corresponda*):

- a) Son residente nun concello no que se van asentar as instalación do proxecto industrial de referencia (achego certificado de empadronamento);
- b) Son residente nun concello no que a auga de consumo cáptase do Río Ulla, ao que se van chegar os restos de auga que se empreguen no proceso industrial a desenvolver (achego certificado de empadronamento).
- c) A miña actividade profesional pertence a un dos sectores (agricultura, gandeiría, pesca, turismo...) que se van ver afectados no caso de que se execute o proxecto industrial de referencia, dados os previsibles impactos negativos deste na miña actividade económica (achego documento que acredita a miña adicación profesional).
- d) Son residente nun concello que se pode ver afectado pola emisión de gases e partículas contaminantes do proxecto de referencia, podendo repercutir directamente na miña saúde e na saúde ambiental da miña contorna próxima.

Polo exposto, queda acreditado que da efectiva execución e posta en marcha do proxecto industrial de referencia pode derivarse unha vantaxe ou desvantaxe que ampara o meu interese lexítimo individual en ser parte interesada no procedemento, alén de que poidan concorrer ao mesmo terceiras persoas que defenden intereses lexítimos colectivos que exceden e son distintos ao meu interese lexítimo individual.

En base ao anterior,

SOLICITO que se teña por interposto Recurso de alzada fronte á Resolución indicada no encabezamento e que, previos os trámites procedimentais pertinentes, se revoge a mentada Resolución, recoñecendo por parte desa Administración a miña condición de persoa interesada no procedemento relativo ao Proxecto Cobre San Rafael, situado nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra), promovido pola sociedade Cobre San Rafael, SL.

En, a de de 2026.

Asdo.: